

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 21 de outubro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 18 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
 D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 2c, 4a, 4c, 5, 6, 9, 10 e 11a)
 D. Gilberto Moldes Crespo, suplente do xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 2b e 4b)
 D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 4)
 D. Ignacio Ojea Pérez, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 14 de outubro de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días ao único licitador presentado, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., para que emendase a documentación persoal. O licitador presentou documentación en prazo. Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Admitir neste procedemento a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SONIDO COLLAZO, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a MOVELCO MOBILITY, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a AUTOS BREA, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

O licitador indica no DEUC que non recorre á capacidade de terceiros para concorrer a esta licitación, se ben presenta o Anexo III do PCAP "Posta a disposición de medios por un terceiro". Este anexo III, en lugar de ser cumprimentado e asinado por persoa con poder de representación do terceiro, neste caso PLATAFORMA COMERCIAL RETAIL, S.A., é cumprimentado e asinado polo representante de AUTOS BREA, S.L.

Por outra banda, resulta chamativo que PLATAFORMA COMERCIAL RETAIL, S.A. sexa a empresa coa que vai subcontratar os servidores (tal e como se reflicte no anexo II) en base á solvencia que o licitador indica que porá á súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



disposición no Anexo III presentado.

En base ao anterior, deberase aclarar se o licitador concorre a esta licitación individualmente (en cuxo caso podería subcontratar cun terceiro ao non fixarse tarefas críticas para este contrato - cláusula 41 do PCAP) ou con solvencia do terceiro, PLATAFORMA COMERCIAL RETAIL, S.A.

Se o licitador concorre con solvencia de PLATAFORMA COMERCIAL RETAIL, S.A., deberá presentar un novo DEUC onde indique esta circunstancia xunto co anexo III do PCAP debidamente cumprimentado e asinado por persoa con poder de representación do terceiro.

Respecto do anexo II, de existir un erro na cumprimentación do punto relativo á subcontratación de servidores, deberá presentarse un novo Anexo II emendando este aspecto. De non existir erro o licitador non debe presentar ningunha documentación a maiores en relación con este anexo.

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (INCIPRESA) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Documentación persoal	Documentación técnica dos equipos	Licitador	Redución do prezo
1		Presentada	INCIPRESA, S.A.U.	82.156,49 €

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica e comprobación da documentación técnica.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (AIRBOX, S.A., AXATON, S.L., INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. e SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	DEUC	Anexo II	Licitador	Prezo Lote 1	Prezo Lote 2	Prezo Lote 3
1		Non presenta	AIRBOX, S.A. (lote 1)	42.720,00	-	-
2		Non presenta	AXATON, S.L. (lote 3)	-	-	11.392,00
3		Non presenta	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2)	-	16.355,00	
4			SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1)	38.980,00 €	-	-

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e a Mesa acorda, por unanimidade

- Admitir neste procedemento a SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, mediante a presentación do Anexo II debidamente cumprimentado e asinado (apartado 6B do Anexo I -FEC-):
 - AIRBOX, S.A. (lote 1)
 - AXATON, S.L. (lote 3)
 - INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días a un dos licitadores presentados para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía, a enxeñeira industrial de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 18 de outubro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	408.327,27 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	421.800,00 €
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	386.300,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo
4	ORECO, S.A.U.	423.119,01 €
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	408.091,74 €
6	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES. S.L. (ACEVI) – MONTAJES J.M. IGLESIAS	395.224,09 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.54*, en representación da Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación informa que con data 6 de outubro de 2021 a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS para que puidese aclarar a súa proposición segundo o sinalado no informe do 1 de outubro de 2021. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

Con data do 14 e 15 de outubro de 2021 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe no que se indica "[...] INFORMO que, á vista das manifestacións efectuadas polo licitador no seu escrito de data 11.10.2021, que cumpren co indicado no PPTP e non entran en contradición co mesmo".

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 15 de outubro de 2021 de valoración do sobre B "proposición económica" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 20 de outubro, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48.001.648), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR", redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 260.066,90 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190094 (OBRAS DE MELLORA TÚNEL DE BEIRAMAR), segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1,498,480.69 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	89,09
2	UTE SIELVIGO - ALUVISA	87,45
3	GRUPO RENDER INDUSTRIAL, S.L.	81,08
4	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S. A.	78,46
5	SEGADE SAELCO, S.A.	76,70
6	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	72,53

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. – EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE IMESAPI, S.A. – EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE IMESAPI, S.A. – EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 e 23 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a UTE IMESAPI, S.A. – EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente) o procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de "Mellora das instalación do túnel de Beiramar" (904-441) por un prezo total de 1.238.524,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 214.950,51 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Atalaia-Teis.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 06 e 07/05/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 01/06/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Atalaia-Teis, por procedemento aberto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.215.107,48 euros (303.776,87 € nas anualidades de 2022, 2023, 2024 e 2025), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Atalaia-Teis, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.08 ("EIM Atalaia-Teis"), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de setembro de 2021, de MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. por ter a súa oferta unha calidade técnica inadecuada ao non acadar o umbral mínimo de puntuación do 50 % da puntuación máxima fixada para os criterios de xuízo de valor (apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e ser este un motivo de exclusión ("As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,50
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	83,18
3	ANA NAYA GARCIA, S.L.	82,94

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (B-15.922.230), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AURORA, PILAR Y ANA, S.L., o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 e o 19 de outubro, dentro do prazo concedido.



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AURORA, PILAR Y ANA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AURORA, PILAR Y ANA, S.L., de acordo co informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de datas 19 e 20 de setembro de 2021 e co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 24 e 27 de setembro de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de setembro de 2021, de MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. por ter a súa oferta unha calidade técnica inadecuada ao non acadar o umbral mínimo de puntuación do 50 % da puntuación máxima fixada para os criterios de xuízo de valor (apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e ser



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



este un motivo de exclusión ("As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación").

2. *Adxudicar a AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (B-15.922.230) o procedemento aberto de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (24.897-332) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 1.215.107,48 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) Propón un incremento das horas de adicación do servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
- c) Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.030,68 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 06:56	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64B-5DD637-3ABD48-HA3TZV-UN6LDV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		